

# **O desmantelamento da Radio Galega**

**Xuño de 2019**

**A/A: Comité de Empresa da CRTVG**

**De: Traballadores e traballadoras da Radio Galega**

# LIMIAR

Os traballadores e traballadoras da RG queremos expresar o noso malestar pola deterioración das nosas condicións do traballo e polo demantelamento que vimos sufrindo nos últimos meses nos departamentos de informativos e programas. Unha circunstancia que sitúa a emisora nun dos niveis de esixencia máis baixos da súa historia, afecta a súa credibilidade como servizo público e supón un preocupante precedente para o futuro.

A dirección vén de anunciar unha programación estival enlatada, composta por **210 horas de programación gravada** con varios meses de antelación, que se irá distribuindo durante a semana e, sobre todo, na fin de semana. Faino logo dunha temporada marcada por unha nefasta organización do traballo e unha comunicación inexistente entre a dirección e os seus traballadores. Ó longo dos últimos meses “xogouse” cos profesionais de informativos implantando **un sistema de quendas trimestrais** sen precedentes, menosprezouse ao persoal de programas cambiándoo de funcións e departamentos sen causas xustificadas e obrigóuselle a deixar gravados os seus programas cada vez que libran, enferman ou marchan de vacacións.

A **información local brilla pola súa ausencia**; foi substituída por reportaxes “amables” prefixadas con varios días de antelación que se emiten unha e outra vez durante meses; as noticias de Galicia quedan en ocasións relegadas a un segundo plano; **carecemos de asesoramento lingüístico** na maioría das quendas de traballo, tampouco hai documentalistas no Arquivo Sonoro, e estase producindo unha **merma da calidade de son**, emitindo programas enteiros de certa complexidade e duración desde exteriores sen contar con técnicos especializados.

Pedímoslle ó comité de empresa saído das eleccións do 11 de xuño que traslade o noso malestar e a nosa preocupación á Dirección Xeral da CRTVG e que estea vixiante de cara non só á programación deste verán, senón da futura temporada que arrancará en setembro.

**ANALISE**

A dirección actual da Radio Galega está desmantelando deliberadamente a emisora pública e afundíndoa a uns niveis que non se recordan nos seus trinta e catro anos de historia. A deixadez a deterioración da calidade e das condicións de traballo afecta tanto ós traballadores e traballadoras de San Marcos coma ó persoal que presta servizo nas delegacións da emisora pública que seguen aínda en pé. Abrangue a Informativos e a Programas, a redactores, locutores, productoras e técnicos de emisión. O desmantelamento estase producindo en tódolos departamentos:

### 1) Programas

Os traballadores e traballadoras da Radio Galega vemos con preocupación o deseño da programación estival confeccionada pola actual dirección. A emisión de 210 horas pregravadas e enlatadas confirman o desmantelamento do departamento de programas que vimos denunciando.

- a. A grella prevista desde o 24 de xuño ata o 1 de setembro contempla a emisión dun total de **210 horas de contidos enlatados e xa emitidos** con anterioridade. 30 destas horas substituirán ó magacín matinal de fin de semana e as outras 180 incorporaranse ó programa matinal da mañá suprimindo as referencias temporais. Decisión coma esta contribúen a unha merma absoluta na calidade dos contidos e á perda da esencia radiofónica do directo. Será a primeira vez que se emita un magacín de tres horas gravado na Radio Galega.
- b. Prodúcese unha reutilización de materiais para a súa reemisión sen que as persoas que os elaboraron teñan coñecemento nin podan así velar pola actualización ou revisión dos contidos. **Todo é información de superficie.** Na grella predomina unha liña de programas amables con contidos divulgativos e promocionais e da que está ausente a análise, o debate e a pluralidade de enfoques. Reitéranse temas, abórdanse sen contextualizar, puntual e illadamente, sen facer logo seguimento. Trátanse aleatoriamente, todo ten o mesmo valor.
- c. Organización xerárquica e individualizada do traballo. **Desaparece a organización en equipos** con traballos de posta en común, deseño e

organización de contidos, reparto de funcións e comunicación entre eles. Estase a producir unha infrautilización das capacidades dos profesionais. No lugar de aproveitar coñecementos e capacidades atribúenselles funcións que desaproveitan as súas competencias. Non hai unha distribución de funcións en base a uns criterios obxectivos.

- d. **Prescínlese de xente de programas de xeito sistemático.** Transvásanse locutores a informativos sen a titulación requerida para realizar labores de redacción. Fano sen negociar previamente cos afectados e afectadas e coa falsa argumentación de que son imprescindibles neste departamento. Unha vez alí, danlles temas menores ou que caen sistematicamente das escaletas, desperdiciando a contribución de profesionais de ampla experiencia.
- e. Prodúcese unha **ambigüidade nas ordes** e indicacións confusas, sen aclarar como, con que enfoques e obxectivos deben desenvolverse temas e contidos. A ambigüidade tamén se dá na delimitación de cometidos: aos locutores encárganselle ás veces funcións de cámara, redacción e técnicos de son.
- f. Denunciamos unha vez máis o **cambio de formato do Diario Cultural** despois de 28 anos en antena e a súa substitución por unha especie de “colectores culturais” sen personalidade de seu.

## 2) Informativos

No Departamento de Informativos asistimos durante toda esta temporada a unha nefasta organización do traballo, á deterioración dos contidos e a unha evidente falta de comunicación entre a dirección e os traballadores e traballadoras.

- a. Tal e como se anunciara, as **desconexións locais desapareceron e** deixáronse de cubrir informacións de interese para os oíntes da radio pública. Malia ter unha programación 24 horas, as noticias caen sistematicamente das escaletas e non se lles atopa acomodo noutros espazos da grella.
- b. Priorízanse as **reportaxes de tipo social** fronte á cobertura diaria de noticias ás que ata o de agora se lles facían seguimento. Non se atende á información máis cercana malia que se presume de facelo.

- c. Existe unha sobredimensión da **información política** nos espazos informativos e dáselle especial relevancia a aquela que provén de fóra de Galicia. Non se trata igual a crise interna do PP que á doutras formacións políticas e os sindicatos teñen distinto peso cando os conflitos laborais afectan á Xunta de Galicia ou ó Goberno Central.
- d. A implantación obrigatoria dun sistema de **quendas trimestrais** está imposibilitando a creación de equipos de traballo. Ó rexeitar nun primeiro momento as conciliacións, as afectadas reclamaron e a dirección viuse obrigada a cambiar unha e outra vez o sistema de rotacións perxudicando ós traballadores e traballadoras obrigadas a cambiar entre a mañá e a tarde. Todos estes problemas teríanse minimizado con rotacións de carácter anual ás que a empresa se nega.
- e. A **organización** do traballo no departamento de informativos é **caótica** e aleatoria. Nunha mesma semana poden facer os boletíns horarios ata tres persoas e non existe unha especialización dentro do departamento: os temas van bailando de redactor en redactor sen ningunha xustificación, unha circunstancia que afecta á calidade da información que ofrecemos.
- f. Responsables de informativos **menosprezan** constantemente ós redactores e redactoras. Pídenlles informacións sabendo que non van ser emitidas e vemos a diario como “caen” das escaletas ata un 25 por cento das información programadas de antemán.
- g. Dáselle información “sensible” a un grupo reducido de persoas e prodúcese unha sobrecarga de tarefas para compañeiras con contratos en **prácticas**. En ocasións encoméndanselles noticias complexas que esixen especial responsabilidade mentres se acantoa outro persoal por motivos pouco claros.
- h. Existe unha absoluta **falta de organización** á hora de distribuír o traballo. A abundancia de mandos sen competencias definidas fai que proliferen os intermediarios e os redactores reciban instrucións confusas e imprecisas de orixe descoñecida. Non hai posibilidade nunca de debate e poucas veces de aclaración, polo que o resultado é unha anarquía na que o único que semella claro é que hai que encher minutos de programación. A falta de planificación fai que os contidos estean totalmente supeditados ás roldas de prensa e ás noticias xa publicadas.

### 3) Deportes

- a. **Amortización prazas.** Os compañeiros que están prexubilados neste momento non foron substituídos por locutores ou redactores que traballen no servizo de deportes. As prazas dos compañeiros xubilados tampouco se cubriron.
- b. **Colaboradores.** Nos últimos dous anos intensifícase o abuso da figura dos colaboradores en detrimento do persoal fixo. Agora é habitual que sexan colaboradores quen asuma a diario a información do Celta, o Deportivo ou o Lugo e mesmo a retransmisión de partidos entre semana. Nos inicios da Radio Galega a figura dos colaboradores fora concibida para cubrir as vilas e a Terceira División de fútbol e ata hai dous anos só participaban nas fins de semana.

Descoñecemos se existen criterios de incompatibilidade para os colaboradores, que nalgúns casos retransmiten partidos noutras emisoras radiofónicas que son competencia da Radio Galega ou dirixen gabinetes de comunicación de federacións deportivas.

- c. **Produción.** O servizo de deportes segue sen contar con persoal propio de produción de luns a venres, e ten que compartir produción cos departamentos de informativos ou de programas na elaboración do programa diario *Zona Mixta* e na planificación de viaxes. Durante a emisión do programa nocturno (de 23:00-00:00) teñen que realizar os labores de produción os técnicos de son ou locutores.
- d. **Viaxes.** Frecuentemente non se respectan as 12 horas de descanso entre as xornadas laborais, sobre todo por causa dos horarios dos desprazamentos que ten que realizar o persoal do servizo de deportes. O parque móbil da empresa está moi avellentado e os coches con menos quilómetros son demasiado básicos para as viaxes longas. Ademais, as dietas están conxeladas desde 2003.

#### 4) Delegacións

- a. A **supresión da desconexións locais** trouxo consigo unha deterioración do traballo que realizan os compañeiros e compañeiras das delegacións da Radio Galega. A información local desapareceu absolutamente. A maioría das veces, limitámonos a facernos eco de sucesos e de noticias que supostamente poidan prexudicar aos grupos da oposición. Na meirande parte dos casos, os "directos" non teñen contido local; adoitan ser enquisas absurdas e entrevistas de carácter social, cultural ou "costumbrista" moitas veces atemporais.
- b. **Non hai técnicos de son** asignados nas delegacións da RG. Os traballos desempañanos redactores e locutores sen a debida cualificación. Ó non saber como resolver os problemas que xorden a diario, confían en que aquilo que se emite se acabe escoitando. Pero non sempre é así.
- c. Ademais, as delegacións **non teñen medios** nin para inserir música nunha reportaxe. Se o fan é sen mesturas, con cortes "a capón", sen que a ninguén pareza importarlle.
- d. Coa implantación do novo sistema na TVG, pérdese toda oportunidade de compartir audios con eles. As famosas **sinerxías** que se ían lograr traducíronse en máis atrancos.

#### 5) Emisións

Tamén no Departamento de Emisións asistimos a unha deterioración dos estándares de calidade que corresponden á Radio Galega como emisora pública de Galicia. Estas son algunhas das eivas que detectamos:

- a. **Recursos técnicos materiais:** a situación é moi irregular. O Software GDS.net xa está practicamente obsoleto, só é compatible con Windows XP e non hai soporte oficial do fabricante, agora mesmo depende do departamento de informática da TVG. Este software ten problemas de compatibilidade tanto de formato do audio no que se traballo como con outros softwares como AVID ou Protools cos que traballa a TVG. O formato dos ficheiros de audio ao que comprime o audio este software é MP2 (sistema de compresión con perdas) e existe un problema de



compatibilidade co formato da base de datos do GDS, o que acarrea un problema de cara o futuro e o presente do Arquivo sonoro.

- b. **Os programas en exteriores son prácticamente residuais e abúsanse das conexións en directo sen técnico de son.** Adquiríronse moitos equipos pero non tódolos sistemas ofrecen a mesma fiabilidade. Chama a atención a repartición destes medios técnicos. Hai colaboradores externos aos que se lles ceden recursos técnicos fixos e reporteiros que teñen que entrar por teléfono. Podería tomarse como exemplo o último programa electoral do pasado 26 de Maio, no que se abusou de conexións de reporteiros mediante o teléfono móbil. A facilidade de conexión con este tipo de sistemas por conexión de datos pola rede móbil crea a falsa sensación de que se poden aforrar recursos de longa duración sen contar con técnicos especializados.
- c. **Inxesta e recursos de audio.** A maioría da inxesta de arquivos de audio proveñen de medios como YouTube ou Spotify. Non hai control de calidade, tampouco á hora de documentar, acumúlanse arquivos redundantes e non se informa das novas adquisicións da Discoteca.
- d. **Formación.** Hai anos que non hai un curso específico para os técnicos e técnicas de control. Non estamos presentes nos foros específicos sobre a materia e a Radio Galega, que debería ser un referente tamén no aspecto técnico, non participa no mundo académico nin empresarial.

#### EN DEFINITIVA:

A actual dirección da Radio Galega está reducindo a calidade da programación, abusando da redifusión e evitando substituír ó persoal con baixas médicas, libranzas ou vacacións e está recortando ó máximo os dereitos laborais do cadro de persoal, impondo prácticas que ata o de agora nunca se viran na emisora pública.

- a. Denunciamos a creación do sistema obrigatorio de **rotación trimestral** en Informativos, que fomenta a desigualdade de trato entre os traballadores e traballadoras dunha mesma categoría, imposibilita a conciliación persoal e laboral independentemente da situación de cada quen e impide a conformación estable de equipos de traballo.
- b. Non entendemos o desmantelamento “encuberto” que se está facendo no departamento de Programas, **transvasando locutores** desta área a informativos alegando necesidades do servizo cando despois -a maior parte

dos días- estes son infrautilizados ou as súas informacións son eliminadas un día si e outro tamén do informativo por unha mala planificación do traballo. Estes compañeiros e compañeiras de Programas que pasan a Informativos non son substituídos, polo que está afectando á calidade dos programas.

c. Criticamos a **negativa da empresa á hora de contratar persoal** que está de vacacións ou -nalgúns casos- mesmo de baixa médica, apoiándose no que autoriza ou desautoriza a Xunta de Galicia. Esta circunstancia está afectando gravemente á calidade dos contidos que emite a Radio Galega tanto na semana como na fin de semana e dá lugar a situacións surrealistas, obrigando a compañeiros e compañeiras de programas a deixar gravados os seus espazos cando collen un día libre, marchan de vacacións ou en previsión de que collan unha baixa médica. A emisión de anacos de programas xa emitidos con anterioridade estase convertendo nunha práctica habitual na emisora pública e chegará ó seu punto máis grave este verán, coa emisión de 210 horas de programación que foron gravadas xa nos meses de maio e xuño.

d. Denunciamos a **falta de coordinación** que existe entre o persoal da casa con responsabilidade. En ocasións temos ata tres emisarios diferentes mesmo con criterios diferentes, o que complica e moito o noso día a día.

e. Existe unha **incomunicación total** entre as xefaturas e os traballadores da casa. Obríganos a acudir a diario ó corcho para comprobar as quendas, horarios e festivos que temos que cubrir en lugar de comunicárnolo persoalmente. Tal é así, que recibimos ordes sobre a rotulación de crónicas ou duración de información a través do mail ou do whatsapp en lugar de explicárnolo en persoa durante as nosas horas de traballo.

f. Carecemos de **asesoramento lingüístico** na maioría das quendas. Tan só dispoñemos de lingüista en horario de mañá. Pola tarde, ás noites, durante a fin de semana e nos festivos non contamos con estes profesionais, o que contribúe aínda máis á deterioración do produto que a diario sae en antena.

g. **Ausencia de documentalistas** na organización do Arquivo Sonoro. A dirección decidiu por fin “organizar” un arquivo ata o de agora inexistente e caótico pero segue sen poñer medios humanos ó seu dispór. Non existe persoal especializado para catalogar o material sonoro da emisora pública e a miúdo emítense audios “roubados” doutras cadeas porque os nosos ou non están gardados ou non se sabe onde están.

f. **Pedimos o amparo** do Comité para que interveña se se volven censurar informacións como a entrega do Premio José Couso ou se lles impide ás traballadoras exercer o seu dereito á folga como aconteceu o 8 de marzo.

Por unha Radio Galega pública ó servizo da cidadanía pedímoslle á actual dirección que reflexione sobre os efectos que a actual xestión está tendo sobre a calidade da programación e sobre a imaxe que ofrecemos á cidadanía.

Santiago, xuño de 2019

# **GRELLA ESTIVAL**

Hora	LUNS	MARTES	MÉRCORES	NOVES	VENRES	SABADO	DOMINGO	Hora
06:00						boletín (i.)		06:00
06:04						GALICIA EN GOLES (d.) (día anterior)	N. DE NOVO (p.)	06:04
06:30							DÍA SANTO (p.)	06:30
07:00						boletín (i.)		07:00
07:04						MAR DE ARDORA (p.)	FERRADO E MEDIO (p.)	07:04
08:00						boletín (i.)		08:00
09:00						EFERVESCENCIA (p.)		08:04
						boletín (i.)		09:00
09:30						GALICIA POR DIANTE (p.) AGOSTO: Gravado		09:04
10:00						boletín (i.)		10:00
10:04						GALICIA POR DIANTE (p.) AGOSTO: Gravado		10:04
11:00						boletín (i.)		11:00
11:04						GALICIA POR DIANTE (p.) AGOSTO: Gravado		11:04
12:00						boletín (i.)		12:00
12:04						CONVIVIR DEPORTIVO (d.)		12:04
13:00						boletín (i.)		13:00
13:04						SALA 5 (p.)	RETRINCOS (p.)	13:04
14:00						CRÓNICA DAS DÚAS (i.)		14:00
14:30						DIARIO CULTURAL (p.)		14:15
15:00						ZONA MIXTA (d.)		15:00
						Ata 18 agosto: O DISCÓBOLO (p.) Desde 24 agosto: GALICIA EN GOLES		15:00
16:00						boletín (i.)		16:00
16:04						A TARDE (p.)		16:04
						Ata 18 agosto: A BOLA EXTRA (p.) Desde 24 agosto: GALICIA EN GOLES		16:04
17:00						boletín (i.)		17:00
17:04						A TARDE (p.)		17:04
						Ata 18 agosto: DÉTTATE (p.) Desde 17 agosto: GALICIA EN GOLES		17:04
18:00						boletín (i.)		18:00
18:04						A TARDE (p.)		18:04
						Ata 24 agosto: COMO QUE NON? (p.) Desde 17 agosto: GALICIA EN GOLES		18:04
19:00						boletín (i.)		19:00
19:04						A BOLA EXTRA (p.)		19:04
						Ata 11 agosto: FONDOS RES. (p.) Desde 17 agosto: GALICIA EN GOLES		19:04
20:00						boletín (i.)		20:00
20:30						CONVIVIR (p.)		20:04
						Ata 11 agosto: GALICIA EN GOLES (d.) Desde 17 agosto: GALICIA EN GOLES		20:04
21:00						boletín (i.)		21:00
21:04						XUÑO e XULLO: ARREDOR DE NÓS (p.)   AGOSTO: UN PAÍS MUNDIAL (p.)		21:04
						Ata 11 agosto: ARREDOR DE NÓS (p.) Desde 17 agosto: GALICIA EN GOLES		21:04
22:00						boletín (i.)		22:00
22:04						A BOLA EXTRA (p.)		22:04
						Ata 11 agosto: A BOLA EXTRA (p.) Desde 17 agosto: GALICIA EN GOLES		22:04
23:00						boletín (i.)		23:00
23:04						AO CONTRAATAQUE(d.)	GALICIA EN GOLES (d.)	23:04
							GAS A FONDO (d.) GALICIA EN TOQUIO (d.)	AO CONTRAATAQUE (d.)
00:00						boletín (i.)		00:00
00:04						DÉTTATE (p.)		00:04
						COMO QUE NON? (p.)		00:04
01:00						boletín (i.)		01:00
01:04						PENSANDO EN TI (p.)	A BOLA EXTRA (p.)	01:04
							PENS. EN TI (p.)	01:04
02:00						boletín (i.)		02:00
02:04						PENSANDO EN TI (p.)	A BOLA EXTRA (p.)	02:04
							PENS. EN TI (p.)	02:04
03:00						boletín (i.)		03:00
03:04						PENSANDO EN TI (p.)	A BOLA EXTRA (p.)	03:04
							PENS. EN TI (p.)	03:04
04:00						boletín (i.)		04:00
04:04						PENSANDO EN TI (p.)	FONDOS RESERVADOS (p.)	04:04
							PENS. EN TI (p.)	04:04
05:00						boletín (i.)		05:00
05:04						PENSANDO EN TI (p.)	FONDOS RESERVADOS (p.)	05:00
							PENS. EN TI (p.)	05:00

**SINATURAS**



